

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROFESIONALIZACIÓN DA ACTIVIDADE MUSICAL EMERXENTE EN GALICIA NO ANO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Fundación Paideia Galiza o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **o día de sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2021**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento do marco de colaboración entre ambas as entidades para a realización dun programa de accións de profesionalización da actividade musical emerxente en Galicia durante o ano 2021, a través do desenvolvemento de xornadas formativas centradas na xestión do negocio da música e o concurso de bandas galegas emerxentes, que permite achegar recursos a grupos e artistas emerxentes coa finalidade de darlle visibilidade ás súas creacións musicais.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic, como entidade pública que busca a preservación e difusión da cultura galega e que pretende garantir a viabilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positiva, entende que a música emerxente debe xogar un papel fundamental no desenvolvemento das industrias culturais galegas, e as actividades promovidas pola Fundación Paideia Galiza neste ámbito van encamiñadas a esa busca da profesionalización continua dos artistas galegos e sobre todo nun contexto como o actual, no que a crise provocada pola covid-19 está a producir desafíos sen precedentes en todo o sector musical, polo que é vital seguir mantendo o contacto e as sinerxías globais de cara a seguir impulsando a recuperación da actividade, fortalecendo programas e plans de formación e profesionalización a través da colaboración entre entidades.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

